



**NARÓN**

## **MOCIÓN PARA TOMAR MEDIDAS PARA POÑER FIN AO ABANDONO DOS BARRIOS E PARROQUIAS DA CIDADE**

**Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :**

Ten centro Narón? Podemos ter aquí múltiples interpretacións. O que si podemos afirmar é que Narón se configura como unha cidade policéntrica, engadíndolle ao centro tradicional (Xuvia no seu momento) ámbitos tan relevantes como Santa Icíá, a Gándara, O Alto, Piñeiros, Freixeiro, O Ponto e todas as parroquias que teñen vida propia desde o seu tecido asociativo, con escolas como Sedes ou O Val , ou unha poboación que ten noutros concellos un espello onde mirarse coma Doso e Pedroso con San Sadurniño. As parroquias merecerían un apartado separado xa que Narón e a súa historia non se entende sen o desenvolvemento rural delas e duns veciños e veciñas capaces de organizar cooperativas con sección de crédito e actividades culturais e asociativas nas mesmas. Ademais, os Polígonos industriais fan da Gándara, Castro ou San Mateo lugares que precisan de máis servizos que os actuais.

En resumo, podemos estar moi orgullosos e orgullosas do noso concello, sen embargo, un dos elementos que infelizmente ten definido a política municipal nos últimos anos é o tan continuado como inxusto abandono que padecen boa parte dos barrios e parroquias da cidade. Un abandono que é inxustificábel tendo en conta que non ten causa na falla de recursos municipais nos que, ademais dos orzamentos, hai axudas para mobilidade como o recién aprobado EDTI. De aquí aparecen propostas xa reclamadas no PMUS e que foron incluídas a petición do BNG como poden ser os plans directores parroquiais cos seus núcleos de centralidade. Sendo un paso positivo e necesario, falta moito por facer. Así, ademais destes deseños, non debemos esquecer os usos dotacionais que precisan melloras ou cuestións aprobadas aínda sen licitación e, tamén, a necesidade de seguir aumentar estes recursos como pode ser, por exemplo, o cubrimento da Pista deportiva de Doso.

Outra preocupación vén cando o goberno nega parte dos problemas que se teñen no concello porque isto fai que non teñan unha solución acaída ou que, melloras como a da Avenida da Solaina teñan unha nefasta execución. Isto pódese traducir na desatención das necesidades reais das naronesas e naroneses. Situación que acreditan

as centos de queixas veciñais que cada ano son formuladas a través do tecido asociativo, ou mediante rexistro do concello e que moitas veces nin tan sequera reciben resposta. De asuntos aparentemente pequenos a necesidades de alcance estrutural. Desde a falla de mantemento do espazo público, quer de beirarúas, mobiliario, quer de iluminación. De rúas intransitábeis por peóns até capas de rodadura impracticábeis polos vehículos. Mais para alén daquelas cuestións que se derivan das insuficiencias e/ou deficiencias na prestación de servizos municipais cuxa xestión está privatizada e consume (en beneficio de contratas e concesionarias) case que a metade do orzamento municipal, hai tamén importantes déficits dotacionais.

### **Por todo isto sometemos a debate e aprobación en Pleno dos seguintes ACORDOS:**

#### **1. Instar ao Goberno municipal a:**

- **Primeiro.-** Despregar, coa participación directa do movemento veciñal na súa definición, un Programa Plurianual e Extraordinario de Investimentos para a Atención de todos os Barrios e Parroquias (PLAN CIDADE), para os vindeiros tres exercicios
- **Segundo.-** Impulsar a descentralización administrativa do Concello e o alargamento da participación cidadá coa creación dos Consellos Veciñais de Barrio e de Parroquia, como espazos de co-decisión que participen directamente na definición das políticas municipais e, nomeadamente, os investimentos do Concello no seu ámbito.
- **Terceiro.-** Aumentar equipas e brigadas municipais para a atención áxil das necesidades de mantemento dos espazos públicos e mellorar o control das empresas concesionarias e contratas municipais.
- **Cuarto.-** Implementar un visor económico municipal, con información en tempo real e series históricas, accesíbel polo conxunto da cidadanía desde o portal web do Concello, no que se recolla o grao de execución orzamentaria, desagregada por capítulo, servizo, programa e aplicación e desglosando territorialmente os investimentos por barrios e parroquias.
- **Quinto.-** Normalizar a relación institucional do Goberno municipal con todas as entidades do movemento veciñal da cidade, garantindo canles fluídas de colaboración para a adecuada atención das súas demandas e reivindicacións.